

OS FUNGOS DO ESPAZO NATURAL E ARQUEOLÓXICO DE SETE CAMIÑOS

Jaime Blanco

Un fungo é un organismo uni ou pluricelular, sen clorofila, que se reproduce mediante esporas, que serían o equivalente ás sementes das plantas. Fungo é unha palabra que abrangue numerosos organismos vivos (unhas 150.000 especies coñecidas, aínda que distintos autores estiman que poden existir arredor de 1,5 millóns de especies). Boa parte deles son organismos microscópicos, entre os que se atopan moitos axentes patóxenos que causan doenzas en animais e no home (tiñas, pe de atleta) e tamén en plantas (oidios, mildeu, ferruxes,...), mentres que outros fungos son útiles ao home (son os lévedos e fermentos que se usan para producir cervexa, pan ou viño, serven para madurar queixos, para obter antibióticos (penicilina) ou outros medicamentos, ou son apreciados comestibles.....). Neste espazo natural tentamos estudar especialmente aqueles fungos que, en determinadas condicións ecolóxicas e climatolóxicas son quen de producir unhas estruturas equivalentes aos froitos das plantas, de tamaño visible e con formas variadas, denominadas popularmente cogomelos, *setas* en castelán e, cientificamente, carpóforos ou basidiomas e teñen unha función reprodutora como nas plantas, xa que producen sementes chamadas esporas. A estes fungos que producen cogomelos visibles a simple vista se lles denomina xenericamente macromicetos (*macro* = grande, visible; *miceto* = fungo).

Os fungos, como os animais, son organismos chamados heterótrofos porque case toda a súa alimentación teñen que recibila como materia orgánica producida por outros organismos (plantas,...), xa que non teñen clorofila como as plantas, polo que non poden aproveitar os nutrientes do solo para producir (como as plantas (organismos autótrofos)) a súa propia materia orgánica a traveso da fotosíntese. Os fungos absorben a traveso das paredes das súas células a materia orgánica máis sinxela, despois de degradar a máis complexa grazas á acción de fermentos ou encimas propios, mentres que os animais posúen un complexo aparato dixestivo co que aproveitan os alimentos.

Para conseguir a materia orgánica que precisan, os fungos nótrense de tres xeitos diferentes, dando lugar a estes tres xeitos de vida que detallamos de seguido:

Saprófitos: este grupo de fungos aliméntanse da descomposición da materia orgánica morta. Exemplos de fungos saprófitos son especies como o champiñón de París (*Agaricus bisporus*), cultivado dende hai preto de 300 anos e *Pleurotus ostreatus* (seta de ostra) (lignícola), que se cultiva dende hai tempo son as dúas especies que se atopan con maior facilidade nas tendas.

Parasitos: son fungos que viven a costa doutros seres vivos (chamados *hóspedes*), maioritariamente vexetais, aínda que tamén poden parasitar animais ou outros fungos. O exemplo máis clásico son as especies do xénero *Armillaria*, sendo a máis abundosa na nosa terra *Armillaria mellea*, parásita de diversas árbores e arbustos.

Micorrícicos ou simbioses: son fungos que forman unha relación ou asociación de mutuo beneficio (simbiose) coas raíces de distintas árbores ou arbustos. Esta simbiose

chámase micorriza, e o micelio do fungo rodea as raíces mais finas (pastadeiras) da planta formando unha relación moi estreita, a xeito dunha luva. Por medio desta relación, os fungos obteñen a traveso desas raíces finas ou pastadeiras a saíba elaborada da planta e a cambio fan que a planta aumente a capacidade de absorción de auga e sales minerais do solo, a planta é máis resistente a pragas e doenzas e a súa capacidade de medre será maior, polo que a produción forestal (madeira, cortiza, froitos) aumentará na medida que as raíces das árbores teñan mais micorrizas. Moitos fungos micorrícicos asóciase con moitas árbores, mentres que hai algúns que só se asocian cunha especie ou un grupo de especies próximas, como acontece por exemplo co níscalo (*Lactarius deliciosus*), que se asocia en Galiza preferentemente coas raíces dos piñeiros (*Pinus* spp.), ou as especies do xénero *Leccinum*, boletais asociados aos bidueiros (*Betula pubescens*) ou especies próximas como as abeleiras (*Corylus avellana* L.).

Os afeccionados á micoloxía gastronómica coñecen a presenza nestes montes de distintas especies apreciadas culinariamente gastronómicamente, como son as andoas (*Boletus aestivalis* (Paulet) Fr., *B. edulis* Bull.: Fr., *B. pinophilus* Pilát et Dermek), as cantarelas (*Cantharellus cibarius* Fr., *Cantharellus pallens* Pilát), a lingua de gato (*Hydnum repandum* L.: Fr.), o níscalo (*Lactarius deliciosus*), a zarrota (*Macrolepiota procera* (Scop.: Fr.) Singer) ou a couveflor de monte (*Sparassis crispa* Wulfen: Fr.) e tamén saben que deben evitar recoller especies tóxicas como *Agaricus xanthodermus* Genev., *A. moelleri* Wasser, *Amanita muscaria* (L.: Fr.) Hook., *Hypholoma fasciculare* (Huds.: Fr.) P.Kumm., *Macrolepiota venenata* Bon, *Scleroderma citrinum* Pers. ou *S. polyrrhizum* J.F.Gmel.: Pers., ou que poden ser ata mortais como *Amanita phalloides* (Vaill.: Fr.) Link, *A. pantherina* (DC.: Fr.) Krombh., *Lepiota* spp. (*Lepiota cristata* (Bolton) P. Kumm., *L. brunneoincarnata* Chodat & C. Martín, *L. helveola* Bres.,.....) ou *Paxillus involutus* (Batsch: Fr.) Fr.

Dos datos sobre fungos que temos ata o momento neste espazo natural cómpre destacar a presenza dun novo taxon para a ciencia descrito recentemente (2013): *Flammulina velutipes* var. *cytiscicola* Blanco-Dios, e dúas especies pouco comúns en Galicia: *Phaeocollybia christinae* (Fr.) R.Heim ou *Psathyrella cotonea* (Qué.) Konrad et Maubl. Na área de influencia deste espazo natural sabemos da presenza de dúas especies (*Hericium erinaceum* (Bull.: Fr.) Pers. e *Phylloporus pelletieri* (Lév.) Qué.) incluídas nun listado de 33 macromicetos elaborado pola ECCF (European Council for Conservation of Fungi) que se considera están en perigo de extinción en Europa e que están incluídos no anexo I das propostas da Convención de Berna (2003). Tamén en montes cercanos a este espazo natural como é o predio do Centro de Investigación Forestal de Lourizán ou o monte Gagán coñecemos a presenza de especies novas para a ciencia recién descritas consideradas ata o momento moi raras ou pouco comúns a nivel mundial como son *Arrhenia pontevedrana* Blanco-Dios (2015), *Cantharellus gallaecicus* (Blanco-Dios) Olariaga (2004), *Cantharellus lourizanianus* Blanco-Dios (2011), *Craterellus pontevedrensis* Blanco-Dios (2014), *Cystodermella freirei* (Justo & M.L. Castro) Vizzini (2003) ou *Tricholoma gallaecicum* (Blanco-Dios) Blanco-Dios (2004).